

Resolución relativa á convocatoria da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa de 30 de novembro de 2022 (Bibliotecas Escolares Solidarias), ampliada pola resolución de 03 de abril de 2023, en referencia ás iniciativas denominadas SELO "BIBLIOTECA ESCOLAR SOLIDARIA" e VOLUNTARIADO DE LECTURA PRIMARIA, correspondente ao curso 2022/2023. Estas iniciativas realízanse en colaboración coa Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

Con data 30 de novembro de 2023, a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa fixo pública a convocatoria correspondente ao curso 2022/2023 do programa BIBLIOTECAS ESCOLARES SOLIDARIAS, no que se inclúen diferentes iniciativas destinadas a promover o voluntariado cultural en relación coas bibliotecas e a lectura entre o alumnado dos niveis non universitarios e as súas familias, nos centros de titularidade da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e a recoñecer, así mesmo, os esforzos das comunidades educativas por conformar "bibliotecas escolares inclusivas", que axuden a paliar as desigualdades no acceso ao coñecemento. Esta convocatoria foi ampliada a través da resolución da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa de 03 de abril de 2023, publicadas ámbalas dúas no Portal Educativo.

En relación coa acción denominada Selo "Biblioteca Escolar Solidaria", integrada no programa Bibliotecas Escolares Solidarias para o curso 2022/2023, presentaron candidatura un total de 23 centros. A través da ampliación do 03 de abril de 2023 contéplase a posibilidade de premiar cunha asignación específica aos centros que acaden este recoñecemento. No referido á iniciativa denominada "Voluntariado de lectura Primaria" destinada a centros de primaria que formalizan grupos de voluntariado na biblioteca escolar, con distintas posibilidades de intervención, a devandita resolución de 04 de abril de 2023 detalla o número de centros a seleccionar, tralo envío de memoria de actividades correspondente ao curso 2022/2023, así como as asignacións que poderán recibir e a finalidade para a que as percibirán.

Constituíronse as Comisións de Valoración previstas na resolución de 30 de novembro de 2023 (apartado 6), para a concesión do Selo "Biblioteca Escolar Solidaria", así como na resolución de 03 de abril de 2023, para a selección de centros de "Voluntariado de



lectura Primaria”, na mañá do 10 de maio. Para a valoración das candidaturas e das memorias de actividades tivéronse en conta os criterios contemplados na convocatoria de referencia. De acordo coa proposta formulada por estas comisións e de conformidade co recollido nas resolucións citadas,

RESOLVO:

Primeiro: Selo “Biblioteca Escolar Solidaria”

1. Unha vez valoradas as novas candidaturas presentadas e trala proposta da Comisión de Valoración, concédese o Selo “Biblioteca Escolar Solidaria” aos centros:

Código	Centro	Concello	Provincia	Asignación
27016391	CEIP O Cantel	Foz	Lugo	1.500,00 €
27014100	EEl San Roque	Viveiro	Lugo	1.500,00 €
32008902	CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel	Ourense	Ourense	1.500,00 €
36000326	CEIP Plurilingüe Montemogos	Bueu	Pontevedra	1.500,00 €
36020374	IES Valadares	Vigo	Pontevedra	1.500,00 €

2. Remitirase aos centros novos un arquivo co selo que poderán integrar nos seus espazos web e outras publicacións da biblioteca escolar, tal e como se recolle na resolución de 30 de novembro de 2022. Remitirase tamén o diploma acreditativo deste recoñecemento. Así mesmo, tal e como se recolle no apartado 3, punto 1 da resolución de 03 de abril de 2023 pola que se amplía a convocatoria de 30 de novembro de 2022 do programa de Bibliotecas Escolares Solidarias, concédese unha asignación de 1.500€ aos centros recoñecidos con este selo, contía que deberá ser destinada “a actividades da biblioteca escolar con implicación das familias, no contexto dos obxectivos da Axenda 2030 da ONU, de desenvolvemento sustentable”.



Segundo: Voluntariado de lectura Primaria

1. Seleccionar os 10 centros que se detallan, unha vez valoradas as 50 memorias de actividades recibidas por parte de centros adheridos á iniciativa "Voluntariado de lectura Primaria " para o curso 2022/2023, en función do interese e calidade das actividades recollidas na memoria presentada e seguindo os criterios recollidos no apartado 2 da devandita resolución:

Código	Centro	Concello	Provincia	Asignación
15003054	CEIP Nicolás del Río	Cedeira	A Coruña	600,00 €
15024227	CEIP de Pazos	Ferrol	A Coruña	600,00 €
27010155	CEIP Plurilingüe da Pobra de Brollón	A Pobra do Brollón	Lugo	600,00 €
27004428	CEIP Plurilingüe de Foz nº 1	Foz	Lugo	600,00 €
27016662	CEIP Plurilingüe de Monforte de Lemos	Monforte de Lemos	Lugo	600,00 €
27010891	CEIP Plurilingüe Gregorio Sanz	Ribadeo	Lugo	600,00 €
32004118	CPI Antonio Faílde	Coles	Ourense	600,00 €
32008801	CEIP Plurilingüe Irmáns Villar	Ourense	Ourense	600,00 €
36013576	CPI Manuel Suárez Marquier	O Rosal	Pontevedra	600,00 €
36010241	CEIP Illas Cíes	Vigo	Pontevedra	600,00 €

2. Tal e como se recolle no apartado 3, punto 2, da resolución de ampliación de 03 de abril de 2023, do programa de Bibliotecas Escolares Solidarias, estes 10 centros seleccionados recibirán unha asignación de 600 euros para o desenvolvemento dun obradoiro especializado (que deberá versar sobre lectura expresiva, narración oral, escrita creativa, a radio como medio de comunicación, a elaboración de booktrailers, os xogos cooperativos e tradicionais ou a música e danza tradicionais), destinado a un grupo de alumnos e alumnas que tivesen ao longo do curso un papel protagonista (dentro do grupo de voluntarios e voluntarias), participando directamente no deseño e xestión de actividades na biblioteca escolar. En todo caso, será o equipo de biblioteca quen decida finalmente a configuración do grupo que participe nos obradoiros, dentro dos límites da propia actividade para un mellor aproveitamento.



3. A través da Asesoría de bibliotecas escolares os centros recibirán cumprida información para o desenvolvemento destes obradoiros que deberán realizarse antes do 15 de xuño de 2023.
4. Como actividade integrada nos programas de voluntariado da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, o alumnado directamente implicado e responsable das actividades de voluntariado de lectura e de atención á biblioteca escolar, de todos os centros inscritos no seu momento (sempre que remiten a documentación oportuna no prazo establecido), recibirá material divulgativo do programa (bolsas cos logos do programa).

Terceiro: Seguimento e avaliación

Esta Dirección Xeral de Orientación e Innovación Educativa poderá elaborar un breve informe que difundirá a través dos espazos web de Bibliotecas Escolares de Galicia e doutros medios ao seu dispor, e publicará información, así mesmo, sobre aquelas experiencias que merezan difusión pola calidade e repercusión das súas propostas co fin de estimular este tipo de iniciativas e dar a coñecer as boas prácticas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Judith Fernández Novoa

